

FALAMOS GALEGO

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES de Rodeira. Cangas.
Xullo 2008

**XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

O instituto de Rodeira está situado no concello de Cangas, unha vila grande da Península do Morrazo, situada na costa entre Vigo e Pontevedra.

Galego e castelán conviven como linguas empregadas habitualmente pola maioría das familias do noso alumnado. O uso do galego é moi maioritario entre os avós e en moitos casos entre pais e nais e entre eles e os avós. O seu uso descende entre pais e fillos e entre irmáns pero aínda temos alumnado que di falar galego na casa.

Galego e castelán conviven igualmente nas interaccións comunitarias na vila de Cangas. O galego predomina nas actividades tradicionais, vinculadas á pesca, ao mercado, aos lugares de encontro da xente maior e é moito menor nos lugares de ocio da xente máis nova. O galego é a lingua empregada no Concello de Cangas tanto no uso escrito como no oral. Moitas entidades asociativas manteñen o galego como lingua habitual pero o seu uso decreceu nas actividades deportivas coa xente nova e cos nenos e nenas aínda que se observa un esforzo por manterse como lingua dos escritos.

O profesorado do noso centro mantén, en liñas xerais, unha actitude positiva cara á utilización do galego no ámbito educativo e cara á súa normalización en todos os eidos. Esta boa actitude concrétese no seu uso como lingua habitual en máis da metade do profesorado do centro. No noso centro toda a documentación está en galego; organízanse moitas actividades e case todas utilizan o galego como lingua, normalmente escrita, para convocatorias, concursos, exposicións...; impártense tamén bastantes clases en galego (sobre o 65% de media), é unha lingua presente na zona e no centro... pero o noso alumnado fala só en castelán.

Esta preocupación é o noso punto de partida. A innovación que poida presentar o noso proxecto reside nun cambio de enfoque. O que se viña facendo era dar as clases e utilizar o galego nas actividades e esperar que, nese contexto galeguizado, o alumnado empregase tamén o galego. Obsérvase, efectivamente, un avance importante no uso escrito e a lectura: a maioría do alumnado le ou escribe con igual comodidade en galego ou castelán. Pero non se aprecia ningún cambio no uso oral xa que vimos dun contexto diglósico no que están afeitos a escoitalo e non utilízalo. O profesorado é clasificado como colectivo que fala en galego pero o alumnado non se identifica con el xa que pertence a outro colectivo que fala en castelán. Cómpren, por tanto, novos enfoques con propostas que rompan estes prexuízos e incidan de xeito máis directo no uso oral do galego por parte do alumnado.

OBXECTIVO QUE SE PRETENDE ALCANZAR

A curto prazo

Que o alumnado do IES de Rodeira fale máis en galego.

Para iso é necesario:

- Superar os prexuízos que afirman que o galego non é lingua da xente nova, transmitindo unha visión asociada a contextos vivos, poñéndoo en relación cunha cultura de interese para a mocidade e con proxección de futuro.
- Ofrecer ao alumnado interesado espazos de encontro nos que superar os medos e irse soltando a falar en galego.
- Ofrecer ao alumnado en xeral contextos nos que practique o uso oral do galego.

- Crear espazos de debate nos que o alumnado se faga consciente de que reproduce hábitos aprendidos e de que as actitudes positivas de valoración da nosa lingua deben concretarse no uso da lingua xa que o mellor xeito de defendela é sempre falándoa.
- Facer ao alumnado consciente de cantas iniciativas existan no seu Concello para a galeguización da sociedade, especialmente as desenvolvidas por xente nova e animalo a formar parte delas.

A longo prazo

Que o galego volva ser a lingua da xente nova de Cangas.

Urxen proxectos centrados no uso oral do galego por parte do alumnado nos institutos e aínda máis nos CPI e nas Escolas de Educación Infantil se queremos frear a tendencia de abandono da lingua galega nas novas xeracións. Unha idea de liberdade mal entendida afirma que cadaquén ten dereito a falar como queira pero esta afirmación nunha sociedade en conflito lingüístico significa sempre a perda de uso da lingua minorizada. Unha formación responsábel debe garantir non só o coñecemento da lingua senón a súa práctica na fala superando prexuízos que impiden o seu uso.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.

CAMPAÑA DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO. POR QUE *FALAMOS GALEGO*?

Queremos escoller a celebración do ano 2008 como Ano Internacional das linguas como presentación do noso proxecto, desde unha visión que defenda o multilingüismo e a diversidade como fonte de enriquecemento para a cultura e como signo de encontro e de comprensión internacional. O desenvolvemento desta campaña realizarase a comezo de curso en colaboración cos Departamentos de Linguas (Galego, Castelán, Francés, Inglés), de Xeografía e Historia e de Filosofía. Solicitaríamos tamén a colaboración da Escola de Idiomas de Vigo ten en Cangas, asentada no noso instituto.

Traballaremos a partir da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística e de *Linguamón*, promovida pola *Generalitat de Catalunya* que ofrece documentación sobre esta celebración e mapas e información das linguas do mundo en xeral e por continentes.

Empregaremos ademais o material que a campaña da Universidade de Vigo: *Europa é multilingüe. Quen sabe galego sabe máis*, pon a disposición de cantos colectivos queiran utilizala e que aborda o Decreto 124/2007 sobre a regulación do uso e a promoción da lingua galega no sistema educativo no contexto dos beneficios dunha educación plurilingüe. Quen sabe galego, sabe castelán pero non ao revés: esta é a realidade no noso instituto. O noso reto é que, cando abandonen o instituto dominen oralmente e por escrito galego, castelán e ao menos un idioma estranxeiro. No coñecemento do galego, non se está garantindo o desenvolvemento do uso oral: coa

intención de superar esta eiva nace o noso proxecto. Fronte a campañas que se empeñan en ver o ensino do galego como algo que resta liberdades e oportunidades, esta campaña afirma que *Quen sabe galego sabe máis*, sumando coñecemento, cultura, civilización e liberdade.

Divulgaremos entre toda a comunidade escolar do informe da Comisión europea sobre como a multiplicidade de linguas podería contribuír á consolidación de Europa a da Declaración de París asinada polos gobernos galego, catalán e vasco pola pluralidade lingüística como condición para construír unha Europa aberta, moderna e democrática.

MEDIDAS PARA PROMOVER O USO ORAL DO GALEGO NO INSTITUTO

1.- FALAMOS GALEGO EN CONFIANZA

Apoio en grupo pequeno a xente interesada, alumnado galego-falante (case non temos) ou que queira comprometerse a falar máis en galego. É alumnado que desexaría falar en galego pero sente a presión social maioritaria da súa idade a instalarse no castelán e non se sente capaz.

Como animar á xente nova a que fale en galego no instituto? Xa sabemos que non é suficiente con que o ambiente estea galeguizado nin con que fale o profesorado, temos mesmo aulas nas que as clases son todas en galego menos lingua castelá e aínda así o alumnado fala en castelán. A metodoloxía proposta parte de coñecer as actitudes do alumnado e comezar organizando un grupo co alumnado máis motivado, o que máis fala ou cando menos é consciente de que desexa facelo. A presión ao que se sente sometido é tan grande que, aínda que queira falar en galego, o máis habitual é que co resto do alumnado fale sempre en castelán. Para dar os primeiros pasos é importante que saiba que non está só, que hai máis alumnado que pensa o mesmo ca el. Necesita coñecelo e convivir con el, compartindo medos e superando prexuízos; necesita ser apoiado con actividades pensadas para reforzar as actitudes positivas, e sentir tamén a confianza do profesorado, que en moitos casos viviu esa mesma experiencia, facendo que se sinta especial e buscando oportunidades para premiar o seu compromiso.

Pasos a seguir:

- Enquisas: detectamos actitudes.

É necesario un estudo máis profundo da realidade a través de enquisas que preguntan por usos e actitudes para saber que alumnado estaría interesad@ no tema da defensa e do uso do galego. Xa levamos un tempo facéndoo e a realidade é mellor do que parece. A pesar de non usalo no instituto, si que hai alumnado que fala galego na casa, cos veciños e con algúns amigos e, sobre todo coas avoas e os avós. Hai alumnado que era galegofalante e que abandonou a lingua, case sempre no cole, ao sentir a presión do grupo. E alumnado que, non falando a penas, desexa falalo máis, que cre que o galego debe ser a lingua de galegas e galegos. Falarase persoalmente con todas as rapazas e rapaces que mostren unha actitude positiva e convocarémolos a unha primeira reunión na que reforzaremos esa actitude positiva como punto de unión.

- Grupos pequenos de reforzo. Creamos un espazo de inmersión lingüística.

Cada grupo será de xente da mesma idade aproximadamente, arredor de dez alumnas e alumnos e reunirse nun recreo un día á semana (temos dous diarios). Debemos asumir un compromiso inicial: independentemente do punto de partida o galego será a lingua que usemos entre nós. Pode parecer obvio pero o noso alumnado ten tan interiorizado o uso do castelán no instituto que necesita pasar polo esforzo dunha decisión pública e apoiada polo grupo para superar un prexuízo inconsciente convertido en hábito. O feito de estar en pequeno grupo con outro alumnado co que comparte compromisos axuda a que se sinta máis seguro. A partir de aí habería que ir avanzando e aumentando os usos da vida cotiá.

- Instrumentos para a reflexión: cadernos persoais e foro en Internet. Debatenos sobre os prexuízos lingüísticos.

Cada participante terá un caderno no que irá anotando ás súas impresións sobre calquera feito relacionado co uso social da lingua, o seu e o que observa ao seu redor. Lerase nas reunións como punto de partida de debates que axuden a superar os prexuízos lingüísticos.

Os temas de debate levaranse a un foro en Internet, abríndose a toda a comunidade educativa. A través dese foro comentaranse novas de interese relacionadas coa persistencia dos prexuízos lingüísticos e cos avances normalizadores da nosa lingua.

- Actividades compartidas. Somos moit@s. Sentímonos acompañad@s.

Organización de encontros, saídas e convivencias nas que os grupos de diferentes idades se coñezan e celebren de xeito festivo o seu proxecto común empregando o galego como lingua. Divertírmonos xunt@s é unha das claves para que o proxecto funcione. O grupo ten que verse desde fóra como algo atractivo, do que o alumnado poida presumir. Falar galego non pode asociarse con reunións serias (aínda que sexa necesario facelas) senón con pasalo ben, co ocio e o lecer.

- Vivimos nunha comunidade que comparte lingua e cultura. Convertémonos en axentes normalizadores.

O grupo non pode quedar pechado en si mesmo. Estes pequenos grupos implicaranse na preparación e posta en marcha de diferentes actividades normalizadoras no centro e no contorno. O alumnado descubrirá que o galego está máis presente do que pensaba (está moi estendido o prexuízo de que en Cangas non se fala galego) e reforzará a súa visión do galego como lingua propia dunha comunidade da que se sentirá parte.

- Somos grupos abertos.

Durante todo o curso o alumnado de calquera grupo pode incorporarse a estes pequenos grupos de reflexión e diversión sempre e cando asuma o compromiso de falar galego nestes encontros e de ir aumentando progresivamente o seu uso habitual.

2.- FALAMOS GALEGO NA AULA.

É necesario conseguir que o profesorado se comprometa a fomentar nas aulas o uso oral do galego. Aínda que no noso instituto se cumpre o mínimo legal do 50% establecido para o ensino en galego, superándose en moitos casos, trátase sempre da lingua en que o profesorado fala e explica na aula. Ao estar o material en galego é tamén frecuente que o alumnado escriba en galego exercicios e exames. Pero o uso oral do alumnado segue a ser en castelán. É necesario concienciar ao profesorado da necesidade de que se realice

en galego todo o proceso de ensino-aprendizaxe para que a aula se converta nun contexto galeguizado no que o alumnado se afaga a utilizar de xeito natural o galego. Contamos xa co profesorado que está no proxecto pero intentaremos que sexa moito máis o que se vaia sumando.

O xeito de romper a diglosia (profesorado,galego; alumnado,castelán) partiría de conseguir que un pequeno grupo de alumn@s se decida a utilizar o galego na aula. Este sería o alumnado dos pequenos grupos que se reúnen nos recreos. Invitaremos ao profesorado a participar nalgunha reunión para que coñeza ao grupo máis motivado e conte na aula co seu apoio. Á vez, o alumnado terá que saír da seguridade do grupo pequeno e sentirase comprometido pola confianza que o profesorado deposita nel. Rota a diglosia, será máis fácil que outro alumnado fale en galego, especialmente se o profesorado o valora.

Tamén probamos neste curso con bos resultados algunha experiencia de alumnado que vai a outra aula (normalmente alumnado maior ás aulas d@s pequen@s) para expoñer algún tema que resulte de interese. Seguiremos desenvolvendo actividades deste tipo nas que é o alumnado e non o profesorado o que se converte en modelo lingüístico en galego, rompendo así prexuizos establecidos.

3.- FALAMOS GALEGO NAS ACTIVIDADES

Xa dixemos que no noso instituto se organizan moitas actividades. O profesorado implicado neste proxecto comprométese a implicarse especialmente en todas aquelas que fomenten o uso oral do galego, ofrecendo ao alumnado novos contextos para o seu uso.

- Obradoiro de música popular galega, para cantar e bailar na celebración do magosto.
- *Bicos coa túa lingua*, campaña que promove o galego como lingua do amor en San Valentín.
- Campaña animando a realizar as coplas en galego para cantar no Entroido.
- Acto de celebración das Letras Galegas con entrega de premios, interpretación do Himno Galego e Xogos Populares.
- Obradoiro de cine en galego: impartirase como alternativa á relixión en 4º da ESO e como actividade extraescolar.
- Actividade extraescolar de teatro en galego: organizada en dous grupos (un para 1ºe 2º da ESO e outro aberto ao resto do alumnado)
- Actividades da biblioteca:
 - . guías das exposicións: cada curso organizamos, desde a biblioteca do centro, unha grande exposición (o curso pasado foi sobre banda deseñada e o vindeiro curso será sobre literatura amorosa). O alumnado implicado na organización actuará como guía, explicando en galego ao alumnado doutros cursos ou dos colexios adscritos como está organizada e destacando o fundamental dos aspectos tratados.

. contacontos, libroforum, grupo de lectura...e cantas actividades se realicen de animación á lectura serán presentadas e dirixidas por alumnado e sempre en galego.

- Obradoiro de música galega. Cada alumno participante levará o seu tema preferido coa letra para que tod@s podamos cantalo e dará unha breve información sobre o grupo ou cantante. Irase facendo un arquivo achegándonos a novos estilos e superando a visión do folk como única posibilidade para a música galega.

- Invitaranse ao instituto personaxes galegos que resulten atractivos para o alumnado, do mundo da banda deseñada, da música, do deporte, da literatura... que teñan un claro compromiso co galego para que lle falen da súa experiencia e establezan con eles conversas en galego.

Ao igual que nas aulas, o profesorado implicado nestas actividades coñecerá o alumnado dos grupos pequenos e apoiárase nel para conseguir a implicación do resto do alumnado.

4.- FALAMOS GALEGO CO ALUMNADO QUE VÉN DE FÓRA

O achegamento da nosa lingua e da nosa realidade sociocultural ao alumnado procedente de fóra de Galicia é no noso centro unha prioridade. Contamos cunha aula de inmersión lingüística levada polo profesorado de galego na que pode permanecer até tres meses na maioría do seu horario o alumnado que chega ao centro e descoñece galego e castelán. O curso pasado creouse un grupo de traballo para preparar material que ten vontade de continuar pois moitas son aínda as necesidades. Dotouse, ademais, esa aula de recursos informáticos e programas de tradución.

Ofrecemos tamén no ensino de adultos, en horario de tarde, obradoiros de lingua para estranxeir@s, de cultura galega, historia de Cangas...

As medidas empregadas están baseadas en principios de integración, e non de asimilación que teñan en conta a heteroxeneidade lingüística do alumnado favorecendo un modelo educativo intercultural. Nas aulas e nas actividades que realizamos procuramos que todas as linguas do alumnado inmigrante sexan recoñecidas e visibles simbolicamente. Cando se traballa deste xeito o alumnado inmigrante, aínda que fala maioritariamente castelán, entende e apoia o traballo normalizador a favor do galego porque o identifica co desexo de supervivencia da súa lingua propia, con frecuencia minorizada. Temos constancia, por exemplo, da experiencia de identificación entre a situación do galego e a do bérber por parte de alumnas marroquís.

Prestamos tamén especial atención ao alumnado que vén de fóra de Galiza, instalado no castelán. É moi importante evitar que vexa o galego como un obstáculo e reforzar calquera avance no seu achegamento ao galego. Existe tamén a posibilidade de que saia da aula para un ensino individualizado. Pero non soe ser necesario. O curso pasado tivemos a grata experiencia dun madrileño incorporado en 1º da ESO nada máis chegar de Madrid. Partía do temor e vía o galego como un obstáculo. Hoxe podemos dicir que fala galego sen ningunha dificultade e que se sente orgulloso diso. No camiño da transformación estivo a implicación do profesorado, moi en especial da súa titora, un papel protagonista na obra do grupo de teatro e o recoñecemento público do Equipo de Normalización.

O noso proxecto quere seguir nesta liña, sendo a acollida ao que vén de fóra unha prioridade para os grupos de traballo, invitándo@s a algunha das nosas actividades e favorecendo o intercambio cultural en parellas ou grupos pequenos, ademais de nas actividades que se fan para todo o centro.

6.- FALAMOS GALEGO COMO REPORTEIR@S DA NOSA REVISTA

Este curso publicaremos o número 7 da nosa revista *Abre os ollos*, un medio de comunicación en galego de toda a comunidade educativa. @s nos@s reporteiros practican o uso oral da lingua nas entrevistas realizadas para as reportaxes e nas longas sesións de maquetación mentres intercambiamos opinións e chegamos a acordos. Tamén irán polas aulas para animar ao alumnado a participar.

7.- FALAMOS GALEGO NA RADIO

No centro temos desde hai anos unha radio que ninguén usa porque hai problemas na súa instalación. Contamos co compromiso da dirección que comeza para poñerlle remedio e utilízala como medio para a difusión de programas elaborados en galego e da nosa música.

8.- FALAMOS GALEGO NA REDE

Existe hoxe en día, moi especialmente para a xente nova, un xeito de comunicarse ao que o galego non pode quedar alleo: o mundo de telefonía móbil e Internet. Aínda que é fundamentalmente galego escrito entra no mundo da expresión coloquial, da linguaxe xuvenil e do mundo do lecer e, á vez, relaciona a lingua empregada coa modernidade e o futuro, contextos que coinciden cos que o noso proxecto quere fomentar.

- Daremos a coñecer a presenza nada desprezábel do galego na rede sobre todo a través de páxinas web, blogs...
- Crearemos un foro de debate na rede sobre cuestións relacionadas coa normalización lingüística aberto a toda a comunidade educativa.
- Crearemos un blog da biblioteca do centro no que informar das novidades e intercambiar opinións sobre as lecturas.

- Fomentaremos a comunicación en galego a través de mensaxes e correos electrónicos e mesmo de videoconferencias co alumnado galegofalante co que fagamos intercambio e, se é posíbel, con ex-alumn@s do centro interesad@s na normalización da nosa lingua.

MEDIDAS PARA PROMOVER O USO ORAL DO GALEGO FÓRA DO INSTITUTO

1.- FALAMOS GALEGO CON OUTRA XENTE DA NOSA IDADE

É necesario romper o prexuízo de que a xente nova non fala galego. Para iso organizaremos un intercambio cun instituto con maioría de alumnado galegofalante. Un día virán el@s a Cangas e outro día visitaremos nós a súa vila.

A partir destes encontros facilitaremos os medios para que o contacto entre el@s permaneza a través da telefonía móbil e das mensaxes e correos electrónicos. Procuraremos tamén organizar algunha sesión de videoconferencia.

2.- FALAMOS GALEGO COS NEN@S

No centro hai unha comunicación fluída cos coles adscritos que favorece o desenvolvemento de actividades conxuntas. A única actividade na que participa o alumnado é unha mesa redonda que se organiza a final de curso para o alumnado de 6º sobre a vida no instituto. Por primeira vez este curso pasado o alumnado fixo a súa presentación en galego e mesmo se conseguiu, nun dos coles, que o debate se fixese tamén en galego entre o alumnado noso e o do colexio adscrito.

Pretendemos seguir con esta actividade e organizar algunha máis en educación infantil ou no primeiro ciclo. O noso alumnado é moi consciente de que todo sería moito máis fácil se falasen galego de nen@s. A actividade concreta habería que preparala co profesorado dos coles pero tería como obxectivo que o noso alumnado establecese, partindo dun conto ou dunha canción, un diálogo en galego cos nenos e nenas.

Invitaremos tamén ao alumnado de 5º e 6º, como xa vimos facendo, ás exposicións organizadas pola biblioteca e o noso alumnado serviralle de guía, establecendo a comunicación en galego.

3.- FALAMOS GALEGO EN CANGAS

É tamén frecuente escoitar ao alumnado dicir que en Cangas non se fala galego. Esta afirmación parte dos prexuízos e do descoñecemento. É necesario polo tanto estudar a realidade do noso concello. As actividades a desenvolver partirán do contacto co propio Concello e o seu labor a favor da normalización. Partindo da información do Concello e do propio alumnado tentaremos establecer que entidades culturais, recreativas e deportivas ou empresas locais destacan polo uso e defensa do galego como lingua viva e estudaremos a posibilidade de colaboración, especialmente con aquelas que traballen con xente nova.

Xa temos iniciada unha campaña en colaboración con FECIMO (Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo) para a galeguización do comercio. O noso centro elaborou un adhesivo co lema “En galego, se ti queres” que FECIMO se comprometeu a repartir entre os seus 500 asociados. O adhesivo, que debe ser colocado nun lugar ben visíbel a entrada do comercio, vai acompañado dunha carta na que se anima aos comerciantes a facer da atención en galego unha marca de calidade do

pequeno comercio fronte aos grandes centros comerciais de Vigo onde a atención en galego é inexistente. É necesario facer un seguimento do desenvolvemento da campaña implicando ao alumnado que pode complementar o traballo coa explicación persoal da campaña nos comercios se a carta non dá resultado.

4.- FALAMOS GALEGO NAS FAMILIAS.

É fundamental que consigamos facer chegar o noso proxecto a pais e nais do alumnado, animándoos a sumarse ao noso traballo e a facer das súas casas contextos normalizados no uso do galego.

Presentarémolo:

- nas reunións que se organicen desde o centro, facendo que a presentación deste proxecto sexa un dos puntos da orde do día.
- participando nas reunións da ANPA.

Informaremos, responderemos as dúbidas, invitaremos á colaboración e repartiremos o tríptico da campaña: *Quen sabe galego, sabe máis*, que explica e promove o Decreto para o uso do galego no ensino desde a perspectiva das vantaxes dunha educación plurilingüe.

En función dos resultados e do interese demostrado, valoraremos a posibilidade de crear un grupo de Nais e Pais pola normalización do galego que se sumaría ao noso proxecto, moi en especial na proposta de actividades de colaboración con asociacións e empresas do Concello.

FALAMOS GALEGO: PREMIO ÁS INICIATIVAS NORMALIZADORAS.

Entrega dunha placa con este lema na celebración das Letras Galegas, distinguindo a colectivos que defenden o galego como lingua viva co seu uso diario e normalizado. Xa comezamos este curso pasado distinguindo aos conserxes do centro e a unha asociación deportiva do Concello. E no noso proxecto está continuar con esta iniciativa.

IMPLICACIÓN NO PROXECTO

- Neste proxecto participa o profesorado do Equipo de Normalización Lingüística que leva xa tres anos traballando no centro. O seu estudo da realidade e a experiencia de tres anos de acertos e fracasos xustifica que sexa esta a liña de traballo do proxecto. Garante ademais a súa continuidade pois non é unha proposta que parta de cero nin xurda da

improvisación senón que existe xa un camiño andado e o convencemento de que foi na dirección correcta aínda que quede moito por facer e avancemos moi de vagar. Existe xa un grupo duns trinta alumn@s que vén traballando nos pequenos grupos polo que temos a certeza de que a realización do proxecto é posíbel.

- Neste proxecto participa o Equipo Directivo que está a comezar a súa andaina e que apostou pola normalización do centro como unha das súas prioridades, o que garante os medios e a estabilidade necesaria para o seu desenvolvemento.

- Participa tamén profesorado que forma parte do grupo de traballo da Biblioteca do Centro, un dos nosos mellores eixes dinamizadores.

- Participa profesorado da ESO, do Bacharelato, dos ciclos formativos e do ensino de adultos, toda a nosa oferta educativa, o que facilita a difusión do proxecto entre todo o alumnado do centro.

- A implicación do profesorado do noso centro coa lingua galega é destacado: arredor do 70% do profesorado imparte en galego as súas clases, creando un contexto favorábel para a aplicación do proxecto. Tentaremos que tod@s el@s colaboren desde a súa práctica docente no desenvolvemento do proxecto aínda non formando parte del. Proporemos tamén a súa participación ao profesorado provisional que chegue ao centro.

RECURSOS DO CENTRO

- Aula de Normalización Lingüística dotada con mapas, ordenador, canón, aparello de música e con armario para o material.

- Moitas aulas teñen canón e existen un ou varios portátiles por Departamento.

- O centro dispón de cinco aulas de ordenadores dispoñíbeis nos recreos e polas tardes e con posibilidades de utilización en horas soltas durante o período lectivo.

- A Biblioteca conta cun elevado número de volumes, moitos en galego especialmente de literatura, xuvenil e de adultos, en todos os xéneros. Conta tamén con material audiovisual, películas, documentais e música en galego. O seu proxecto foi premiado en dúas ocasións e conta cun orzamento importante que permite a compra do material que resulte de interese nas actividades e proxectos que se desenvolven. Ten tres ordenadores a disposición do alumnado.

NECESIDADES DE FORMACIÓN

O profesorado implicado neste proxecto comprométese a participar en actividades formativas nos seguintes eidos:

- Organización de actividades de animación sociolingüística para reforzar as actitudes positivas e superar os prexuízos.
 - O galego e as novas tecnoloxías.
 - A radio escolar.
-

PLAN DE AVALIACIÓN

- A organización en grupos pequenos ofrece unha posibilidade inmediata de avaliación. As dificultades e os avances, a experiencia vivida debe ser escrita no caderno e comentada e debatida no grupo. De non facerse así, sabemos que o alumnado tende a abandonar. Se o obxectivo é que falen máis en galego, será o propio alumnado o que terá que valorar os avances. Esta avaliación será asunto a tratar dun xeito habitual en reunións e encontros. As conclusións tiradas levarán a reorientar o proxecto e centrarse no que resulte máis útil.

- Haberá tamén reunións periódicas do profesorado implicado nas que se irá comentando o desenvolvemento do proxecto e reorientando as actuacións se fose preciso. Tamén faremos unha avaliación final na que o profesorado cubrirá unha enquisa deseñada para tal fin na que se valorará o grao de cumprimento do obxectivo xeral (que o noso alumnado fale máis en galego), a achega de cada unha das actividades realizadas a dito cumprimento e, en función disto, cales debemos seguir desenvolvendo. Pediranse ademais novas ideas que axuden a mellorar un proxecto que nace con intención de permanecer para cursos sucesivos.

DIFUSIÓN DO PROXECTO

- Información previa no Claustro e no Consello Escolar.

- Entre o alumnado:

A coordinadora do proxecto reunirse a principio de curso coas titoras e titores para presentarlles o proxecto de xeito pormenorizado e pedirlles que sexan el@s quen o presenten en cada grupo. Pasarán tamén as enquisas ao alumnado novo no centro sobre usos e actitudes. Esta presentación será reforzada polo Equipo de Normalización Lingüística e polo profesorado directamente implicado no proxecto, pertencente a todos os niveis de ensino impartidos no centro.

- Entre as familias:

A coordinadora do proxecto presentará o proxecto nas reunións con pais que se organicen no centro a principio de curso e tamén na primeira reunión da ANPA solicitando a súa implicación activa.

- Na comunidade:

Establecerase contacto co Concello a través da Dirección do Centro e fixarase unha reunión coas concellerías implicadas (xuventude, cultura...). Pedirase o listado de asociacións e enviaráselle un escrito explicando o noso proxecto e solicitando a súa colaboración. Manteremos o contacto con FECIMO e colaboraremos especialmente co comercio que se sume á nosa campaña.

Procuraremos a presenza da prensa nas actividades organizadas procurando resaltar nas novas publicadas a presenza do uso da nosa lingua.
